

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 26 DE ABRIL DE 2018,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Glorieta de acceso á EDAR de Guillarei (PO-404), de clave PO/16/198.06, no Concello de Tui.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o arquipélago de Sálvora, con categoría de paisaxe cultural.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Consorcio Turismo Ribeira Sacra para a realización de actividades de promoción e información na Ribeira Sacra, por importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Terras de Pontevedra para a realización de actividades de promoción do turismo na comarca de Pontevedra, por importe total de douscentos nove mil oitocentos trinta euros (209.830 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de municipios da Ría de Arousa Zona Norte para a realización de actividades de promoción do turismo no xeodestino Arousa Norte, por importe total de douscentos mil euros (200.000€).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol para a realización de actividades de promoción e información do turismo no xeodestino Ferrolterra, por importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración plurianual entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación CMAT (Costa da Morte Asociación de Turismo) para a realización de actividades de valorización dos recursos turísticos no xeodestino Costa da Morte, por importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 €), e polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantía nos pagos anticipados e a conta.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade do Salnés para a realización de actividades de promoción do turismo na comarca do Salnés, por importe total de trescentos mil euros (300.000 €).

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Plan de transporte público de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se declara de interese especial varios proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria a aumentar as porcentaxes e os importes máximos dos pagamentos anticipados e a exención da obriga de constituír garantías recollidas nos artigos 63 e 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, a través do Programa de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, por un importe de dous millóns cincocentos doce mil seiscientos vinte e oito euros (2.512.628 €).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Granada para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade Nova de Lisboa (Portugal) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€).

### **INFORMES**

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre o balance do Programa Principia e anuncio da terceira convocatoria.

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre os prezos públicos correspondentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2018-2019.

## **CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**

- Informe sobre as axudas para a creación de superficies forestais de coníferas e frondosas.

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA DE ACCESO Á DEPURADORA DE GUILLAREI, EN TUI, CO FIN DE INCREMENTAR A SEGURIDADE VIARIA**

- *O Goberno galego financiará esta actuación, cuxa licitación se prevé nas vindeiras semanas, mediante a achega económica de máis de 316.000 euros*
- *O proxecto ten por obxecto a mellora da intersección existente no núcleo de Guillarei, no p.q. 1+900 da estrada autonómica Guillarei - A Rañada (PO-404), pola que se accede á depuradora e á praia fluvial*
- *A glorieta permitirá todos os xiros no cruzamento, xa que actualmente a intersección ten visibilidade reducida e os vehículos que proveñen da Rañada ou Caldelas de Tui non poden xirar cara á vía de acceso á depuradora*
- *A rotonda deseñarase de xeito que permita a continuidade do itinerario peonil e ciclista existente na vía de acceso á depuradora, para o que na marxe dereita se construírá un carril bici de 2,5 metros e unha senda de 2 metros*
- *As obras complementáanse coa instalación dos elementos necesarios para garantir a drenaxe axeitada e coa iluminación da glorieta*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción dunha glorieta de acceso á estación depuradora de augas residuais de Guillarei, na estrada PO-404, no Concello de Tui.

O Goberno galego financiará esta actuación, cuxa licitación se prevé nas vindeiras semanas, mediante a achega económica de máis de 316.000 euros.

O proxecto ten por obxecto a mellora da intersección existente no núcleo de Guillarei, no p.q. 1+900 da estrada autonómica Guillarei - A Rañada (PO-404), pola que se accede á depuradora e á praia fluvial, mediante a execución dunha glorieta.

A intersección actualmente ten visibilidade reducida, polo que non se permiten os xiros para os vehículos que proveñen da Rañada ou Caldelas de Tui cara á vía de acceso á depuradora, polo que a construción da glorieta mellorará a seguridade viaria nese punto e servirá para permitir todos os xiros no cruzamento.

A glorieta terá un diámetro exterior de 32 metros e deseñarase de xeito que permita a continuidade do itinerario peonil e ciclista existente na vía de acceso á depuradora. Para isto, na marxe dereita, construírase un carril bici de 2,5 m e unha senda de 2 m, que prolongarán a infraestrutura existente.

As obras complementáanse coa instalación dos elementos necesarios para garantir a drenaxe axeitada e coa iluminación da glorieta.



## **A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA**

- ***Trátase do primeiro espazo natural que terá o título de BIC Paisaxe Cultural, unha categoría creada pola Lei de patrimonio cultural de Galicia de 2016***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao Decreto polo que se declara ben de interese cultural, o arquipélago de Sálvora, coa categoría de paisaxe cultural. A Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria publicará proximamente a declaración no *Diario Oficial de Galicia*, dándolle a este arquipélago, que forma parte do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, a máxima protección no ámbito do patrimonio cultural. Cómpre sinalar que se trata do primeiro espazo natural que terá o título de BIC Paisaxe Cultural, unha categoría creada pola Lei de patrimonio cultural de Galicia de 2016.

Cómpre lembrar que a aprobación da declaración coincide dentro do mes abril, que a Xunta de Galicia dedica -no marco da conmemoración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural- á candidatura a Patrimonio da Humanidade das Illas Cíes-Parque Nacional Illas Atlánticas e contribúe a darlle pulo a esta candidatura.

A delimitación do BIC coincide coa propia identificación do arquipélago na Lei de creación do parque, o que se corresponde con 2.500 Ha marítimas e terrestres pertencentes ao Concello de Ribeira nas que se distinguen tres conxuntos de illas cos seus respectivos illotes e cons, en concreto o de Sálvora, o das illas de Vionta e Noro e o das illas de Sagres. O conxunto constitúe un exemplo senlleiro e case único en Galicia da evolución singular dunha poboación adaptada a unhas condicións rigorosas de contorno, con escasos recursos dispoñibles, que desenvolve as premisas da construción tradicional do territorio nun contexto de inmediatez, illamento e extremas condicións climáticas e xeográficas. Estas características derivaron en manifestacións dun singular valor histórico e etnolóxico, que ademais se complementan con aspectos de interese artístico, arquitectónico, arqueolóxico e mesmo científico e técnico.

De feito, a presenza humana no arquipélago remóntase á prehistoria. Ademais, na propia aldea de Sálvora poden atoparse o xacemento romano de Area dos Bois e dous abrigos (Punta Filgueirido e Alto de Milreu) así como o Concheiro do Almacén, un vertedoiro de lixo altomedieval. Así mesmo, hai rexistros de xacementos arqueolóxicos na illa de Vionta, a maiores doutros vestixios de patrimonio subacuático presentes no arquipélago.

### **Elementos inmoables**

A paisaxe cultural declarada BIC está conformada por todos os terreos incluídos no ámbito da delimitación, incluíndo elementos inmoables, en especial, na illa de Sálvora,

onde foi máis intenso o poboamento e as súas consecuencias construtivas. Neste sentido, a declaración inclúe o sistema viario e os muros, peches e valos. Así mesmo, distínguense os conxuntos arquitectónicos da aldea de Sálvora, do pazo-almacén –que ten orixe nunha factoría de seca e salgadura de peixe e foi transformado para acadar un aspecto de residencia palatina– e da telleira.

Así mesmo, inclúese o conxunto arquitectónico do faro da illa de Sálvora. Ademais, a raíz da única alegación presentada, a declaración fai mención expresa ao valor antropolóxico desta construción “polo traballo e vida de mulleres e homes que dedicaron a súa vida profesional ao seu funcionamento e que do seu traballo formaron unha vida condicionada por unhas singulares limitacións, en especial de illamento”. “Ao ficar obsoletas as tecnoloxías que xustificaban os faros, a súa valoración cultural, ademais das súas específicas cuestións técnicas, debe completarse co recoñecemento e difusión das persoas que os manexaban e habitaban”, conclúe o texto.

O decreto enumera, así mesmo, diferentes partes integrantes incluídas na declaración, como son os hórreos, a Capela, os propios edificios do Pazo, a telleira e o faro; muíños, o conxunto de mesa e bancos de pedra denominados a Mesa da Marquesa, o Monumento á Serea, o cruceiro, o peirao, o Curro das Cabras, a fonte de Santa Catalina, ou o elemento conmemorativo ao naufrago do vapor correo Santo Isabel, Carlos Verdier Escobar, entre outros.

### **Tramitación**

A incoación do expediente de declaración BIC do arquipélago de Sálvora publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o 21 de febreiro de 2017, tras o que se abriu un período de exposición pública e se notificou aos interesados, en concreto, ao Concello de Ribeira e a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Posteriormente, requíronse os informes de órganos consultivos: Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega de Belas Artes e Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, que informaron positivamente a declaración.

No período de exposición pública só se presentou unha alegación, que foi contestada en tempo e prazo e incluída parcialmente no decreto.

## A XUNTA MOBILIZA 1,3 MILLÓNS DE EUROS QUE DIVERSIFICAN OS BENEFICIOS DA ACTIVIDADE TURÍSTICA EN 81 CONCELLOS

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura de seis convenios de colaboración entre Turismo de Galicia e diferentes destinos*
- *Os destinatarios destes acordos plurianuais serán a Mancomunidade do Salnés, o Consorcio Turismo Ribeira Sacra, a Mancomunidade de Terras de Pontevedra, a Mancomunidade de Municipios da Ría de Arousa Zona Norte, a Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol, así como a CMAT (Costa da Morte Asociación de Turismo)*
- *Impulsaranse accións de promoción e internacionalización, crearanse e consolidaranse novos produtos e mellorarase a accesibilidade e a implantación e o desenvolvemento das novas tecnoloxías no turismo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscripción de seis convenios de colaboración entre Turismo de Galicia e diferentes destinos da Comunidade que permitirán seguir diversificando os beneficios socioeconómicos e culturais da actividade turística. Os acordos mobilizarán un investimento de preto de 1,3 millóns de euros con 81 concellos das catro provincias como destinatarios.

No marco desta colaboración entre o Goberno galego e as administracións locais, prevense actuacións de promoción e internacionalización e de creación e mellora de novos produtos con base nos recursos propios de cada zona. Así mesmo, contribuirá a mellorar a accesibilidade de diversos xeodestinos e a implantación e o desenvolvemento das novas tecnoloxías no eido turístico.

En concreto, os seis acordos, que estarán vixentes ao longo dos dous vindeiros anos, serán asinados coa Mancomunidade do Salnés, o Consorcio Turismo Ribeira Sacra, a Mancomunidade de Terras de Pontevedra, a Mancomunidade de municipios da Ría de Arousa Zona Norte, a Mancomunidade de concellos da comarca de Ferrol e CMAT (Costa da Morte Asociación de Turismo).

No marco da Estratexia do turismo de Galicia 2020, a Xunta afonda desde xeito na súa aposta por consolidar a comunidade como un destino diversificado que é quen de ofrecer atractivos turísticos repartidos por toda a xeografía galega.

En cada zona, póñense en valor os seus mellores recursos propios, o que axuda a especializar a oferta e a desestacionalizar a chegada de visitantes, sempre con dúas premisas: a calidade e a sustentabilidade a todos os niveis.

Ao abeiro destes convenios, procurarase a sensibilización dos visitantes e dos propios veciños de cada comarca sobre a importancia de preservar e poñer en valor un



patrimonio que, ademais de ter unha clara proxección turística coa súa incidencia económica, é importante desde o punto de vista natural e cultural.

## A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO PLAN DE TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA, PRIMEIRA COMUNIDADE EN ACTIVAR A MODERNIZACIÓN INTEGRAL DA REDE AUTONÓMICA DE SERVIZOS DE AUTOBÚS

- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda someterá nos próximos días a información pública as bases do proxecto de reorganización completa das liñas de transporte público por estrada de Galicia*
- *O Goberno galego cumpre así o mandato da UE, e da propia Lei autonómica 10/2016, de renovar o conxunto das concesións de transporte público por estrada mediante un concurso público aberto que deberá estar resolto en decembro do vindeiro ano 2019*
- *O obxectivo do Plan é aproveitar a oportunidade que representa a fin das antigas concesións para despreñar un sistema de transporte público sustentable e capaz de responder con maior eficacia ás necesidades da Galicia do século XXI, tanto no rural como nos contornos urbanos*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou xa un exhaustivo estudo das necesidades de mobilidade do territorio galego, que inclúe un amplo traballo de campo*
- *Nas áreas nas que resulte eficaz afondarase nas modalidades implantadas o pasado verán en parte do territorio galego, como o transporte baixo demanda ou o autobús compartido, garantindo sempre a atención prioritaria aos escolares e a figura do acompañante*
- *Ademais, apostarase pola prestación dos servizos de transporte con microbuses e taxis en zonas ruais nas que este tipo de vehículos abonde para atender a demanda*
- *Nos entornos urbanos manterase o Plan de transporte metropolitano, coa Tarxeta Xente Nova, como programa social que fomenta o emprego de sistemas de mobilidade colectivos fronte ao vehículo particular*
- *A Xunta procurará a máxima implicación das administracións locais e provinciais para que os servizos de transporte acaden maior cobertura territorial e os autobuses urbanos se modernicen de forma coordinada cos interurbanos*
- *O Plan suporá a renovación dunha flota de preto de 3.000 autobuses*
- *Manterase a aposta polo tecido empresarial galego de transporte e blindaranse as cláusulas sociais acordadas entre a Xunta e os sindicatos o pasado verán, reforzando as garantías de subrogación para preto de 5.000 traballadores*

O Consello da Xunta acordou hoxe iniciar a tramitación do Plan de transporte público de Galicia, que se sitúa deste modo como a primeira comunidade española que activa a modernización integral da rede autonómica de servizos de autobús. A Consellería de Infraestruturas e Vivenda someterá nos vindeiros días a información pública o documento de bases do proxecto de reorganización completa do transporte público por estrada en Galicia.

O Regulamento comunitario 1370/2007 obriga a renovar o conxunto das concesións de transporte público por estrada a través dun concurso público aberto que deberá estar resolto en decembro do vindeiro ano, 2019. A Xunta de Galicia asumiu ese mandato da UE e recolleuno na Lei autonómica 10/2016, de medidas urxentes para a actualización do Sistema de transporte público de Galicia, que prevé a obriga de elaboración do Plan de transporte público.

A finalidade do devandito Plan é aproveitar a oportunidade que representa a fin das antigas concesións para desprezar un sistema de transporte público sustentable e capaz de responder con maior eficacia ás necesidades da Galicia do século XXI, tanto no rural como nos contornos urbanos.

Dese obxectivo xeral derívanse outros específicos, como son o de facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade e eficiencia social e económica. Procúrase, ademais, fomentar e facilitar o uso do transporte público; potenciar a intermodalidade e a accesibilidade dos servizos; e, finalmente, velar polas calidade das condicións de traballo no sector.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou xa un exhaustivo estudo das necesidades de mobilidade do territorio galego, que inclúe un amplo traballo de campo que, xunto coa participación dos concellos, do sector, da comunidade educativa e do conxunto de actores sociais interesados, proporcionará a información precisa para o deseño da nova rede de liñas de autobús.

Na organización dos servizos de transporte terase especialmente en conta a necesidade de facilitar o acceso aos principais centros de atracción, tales como os centros sanitarios e educativos ou os polígonos empresariais, entre outros.

Nas áreas nas que resulte eficaz afondarase nas modalidades implantadas o pasado verán en parte do territorio galego, como o transporte baixo demanda ou o autobús compartido, garantindo sempre a atención prioritaria aos escolares e á figura do acompañante.

Ademais, apostarase pola prestación dos servizos de transporte con microbuses e taxis en zonas rurais nas que este tipo de vehículos abonde para atender a demanda.

Nos contornos urbanos manterase o Plan de transporte metropolitano, coa Tarxeta Xente Nova, como programa social que fomenta o emprego de sistemas de mobilidade colectivos fronte ao vehículo particular.

A Xunta procurará a máxima implicación das administracións locais e provinciais para que os servizos de transporte acaden maior cobertura territorial e os autobuses urbanos se modernicen de forma coordinada cos interurbanos. Nese sentido,

considérase especialmente necesario que as cidades de Pontevedra e Ferrol aproveiten esta reorganización en marcha para asumir a súa responsabilidade legal como concellos de máis de 50.000 habitantes de prestar servizos de transporte público urbanos, o que permitiría responder cun maior grao de eficacia ás necesidades de mobilidade deses municipios.

Ademais de procurar unha reordenación eficiente e útil das liñas de transporte público, o Plan suporá a renovación dunha flota de preto de 3.000 autobuses, coas consecuentes melloras de accesibilidade nos vehículos.

Xunto con isto, manterase a aposta polo tecido empresarial galego de transporte e blindaranse as cláusulas sociais acordadas entre a Xunta e os sindicatos UGT e CCOO o pasado verán, reforzando as garantías de subrogación para preto de 5.000 traballadores do sector.

Segundo o acordo adoptado hoxe polo Consello, correspóndelle á Consellería de Infraestruturas e Vivenda dar inicio á tramitación da primeira rolda de participación pública do documento base que recolle as liñas estratéxicas do citado plan.

Unha vez avanzado o traballo e definidas as liñas e servizos de transporte que deben formar o novo modelo, someteranse novamente a información pública antes da súa licitación en concurso público o vindeiro ano, 2019.

## **A XUNTA AVANZA NO SEU COMPROMISO COAS ENERXÍAS RENOVABLES COA DECLARACIÓN DE TRES NOVOS PARQUES EÓLICOS DE INTERESE ESPECIAL QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 127M€**

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria vén de informar no Consello da Xunta de tres proxectos na provincia da Coruña que se suman aos 21 que xa recibiron esta denominación e que implica a súa posta en funcionamento antes do ano 2020*
- *A mobilización conxunta dos 24 parques eólicos alcanza os 670 millóns de euros, a implantación de máis de 600MW e a creación de preto de 8200 empregos durante a construción*
- *Tal e como establece a Lei de implantación empresarial, as novas infraestruturas serán prioritarias e simplificarase a súa tramitación, reducindo á metade os prazos para a obtención dos informes necesarios e sempre mantendo as garantías urbanísticas, técnicas e medioambientais*
- *O Goberno autonómico avanza así na súa aposta polas enerxías renovables, un sector en crecemento que, despois das tres últimas poxas realizadas polo Estado, permitirá superar os 4000MW en activo en 2020 en Galicia*

A Xunta avanza na súa aposta polas enerxías renovables coa declaración de interese especial doutros tres parques eólicos que, nesta ocasión, situados na provincia da Coruña, suporán un investimento de 127 millóns de euros e a creación de máis de 1100 empregos durante a súa construción e posterior traballo de mantemento das instalacións.

Tras a declaración de 21 parques de interese especial, así como as infraestruturas de evacuación necesarias, en Consellos da Xunta celebrados en decembro de 2017 e o pasado mes de febreiro, Galicia suma outras tres iniciativas máis, o que supón un investimento global de 670 millóns de euros, a implantación de 611MW na Comunidade, e preto de 8200 empregos durante a súa construción e de 150 tras a súa posta en funcionamento. Ademais, durante a explotación dos parques, establécese un canon eólico de máis de 20 millóns de euros que está previsto xerar nos concellos onde se implanten.

En concreto, trátase dos parques eólicos Bustelo, Monte Toural e Campelo, todos localizados na provincia da Coruña e promovidos por Greenalia. O primeiro, situado nos concellos de Coristanco e Carballo, contará con 11 aeroxeradores e unha potencia de 46,2MW. Os outros dous proxectos declarados de interese especial situaranse nos concellos de Santa Comba e Coristanco: o parque eólico Monte Toural disporá de 5 aeroxeradores e unha potencia de 21MW; mentres que o de Campelo terá 11 aeroxeradores e 42MW de potencia. Os tres parques contarán cunha liña de evacuación conxunta.

Segundo informou hoxe a Consellería de Economía, Emprego e Industria no Consello da Xunta, estes tres proxectos, xunto a súa infraestrutura de evacuación, alcanzan un investimento asociado de 127 millóns de euros e suman 109MW. O desenvolvemento das tres iniciativas permitirá a creación de case 1100 postos de traballo durante a súa execución e máis de 30 empregos durante o seu funcionamento. O canon eólico xerado será de máis de 3 millóns de euros durante toda a súa explotación.

A declaración de interese especial destes proxectos é unha figura que introduce a Lei de implantación empresarial e que permite a tramitación prioritaria destas actuacións, así como a redución á metade dos prazos necesarios para obter as autorizacións preceptivas para a construción dos parques, mantendo sempre todas as garantías xurídicas, técnicas e medioambientais. Desta forma, o obxectivo é que en Galicia se executen proxectos de enerxías renovables no marco das poxas do Estado, tendo en conta que deben estar en funcionamento antes do 1 de xaneiro de 2020.

Os tres parques sumaranse aos 160 que están en funcionamento na nosa Comunidade con máis de 3300 MW. A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a amosar, así, o seu compromiso cun modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. O Goberno galego agarda que en 2020, tras as tres últimas poxas realizadas a nivel estatal, Galicia supere os 4000 MW en funcionamento.

## A XUNTA IMPULSA O EMPREGO XUVENIL CON AXUDAS PARA FAVORECER A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 200 MOZOS E MOZAS A TRAVÉS DAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO

- *Esta iniciativa, que forma parte do Sistema de Garantía Xuvenil, proporciona aos menores de 30 anos de Galicia unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral*
- *O Goberno galego destina máis de 2,5M€, polo que a axuda media por beneficiario superará os 12.000 euros*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria dá así continuidade a programas como Emprega Xuventude, que inclúe un bono de 7000 euros para incentivar nas empresas a formación á carta e a contratación da mocidade; ou os 100 obradoiros duais que tamén recollen accións formativas e un contrato de traballo*
- *O desemprego entre os menores de 30 anos baixou no último ano nun 14,13%*

O Goberno galego continúa co impulso que está a dar ao emprego entre os máis novos investindo máis de 2,5 millóns de euros na nova convocatoria do programa de Cooperación coas entidades sen ánimo de lucro. A iniciativa, que forma parte do Sistema de garantía xuvenil, permitirá a contratación nestas institucións colaboradoras de máis de 200 mozas e mozos galegos menores de 30 anos.

As axudas deste programa da Consellería de Economía, Emprego e Industria están destinadas ao financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, a través da contratación durante 7 meses de persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil. Desta maneira, proporciónase aos participantes unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral.

A convocatoria desta orde publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nas próximas semanas. Ademais de mellorar a empregabilidade, esta iniciativa, busca o fomento do emprego en colaboración coas entidades sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS). Esta é unha das novidades da nova convocatoria, que tamén busca facilitar a tramitación das solicitudes, ao tempo que segue primando o criterio de estabilidade laboral recollido nas bases do ano pasado.

O importe medio das axudas por mozo superará os 12.000 euros, mantendo así a liña ofrecida nas edicións anteriores, que beneficiaron en total a preto de 500 mozos e mozas menores de 30 anos.

### **Aposta polo emprego estable**

Este programa da Xunta, que forma parte da Axenda 20, dá continuidade ás políticas activas de emprego do Goberno galego que están dirixidas a favorecer a entrada dos mozos e mozas no mercado laboral. É o caso do Emprega Xuventude, que incentiva a contratación de menores de 30 anos a través dun bono de ata 7000 euros. En concreto, inclúe un bono formación de 2000 euros (opcional) para que as empresas poidan impartir cualificación á carta e axustada ás súas necesidades, e un bono de 5000 euros para incentivar a contratación ao longo dun ano como mínimo. Esta convocatoria xa saíu publicada no DOG e as empresas poden presentar as súas solicitudes ata o 30 de setembro.

Nesta mesma liña, o Consello da Xunta aprobou a semana pasada unha iniciativa pioneira en Galicia: a realización de 100 obradoiros duais que inclúen formación e un contrato de traballo e no que terán prioridade os desempregados con especiais dificultades de inserción no mercado laboral, entre os que se encontran os menores de 30 anos. Cun investimento programado de 29,6M€, prevé favorecer a inserción de 2000 persoas sen traballo.

Ademais dun contrato de formación e aprendizaxe durante 9 meses, a Xunta apoiará a contratación en prácticas –como mínimo durante tres meses máis e a xornada completa– nunha empresa do ámbito territorial onde teña lugar o obradoiro, e sempre que o traballo estea relacionado coas materias impartidas. Neste programa terán un papel relevante os obradoiros forestais e os que se dirixan a tarefas de conservación, reforma e posta en valor das rutas de peregrinación do Camiño de Santiago. Poderán optar ás axudas os concellos –tendo preferencia os concellos emprendedores–, asociacións de entidades locais e mancomunidades e, como novidade, tamén entidades sen ánimo de lucro do ámbito forestal constituídas e rexistradas como asociacións.

### **Balance das políticas de emprego**

Entre 2012 e 2017, a Xunta investiu preto de 223 millóns de euros en políticas activas de emprego dirixidas especificamente á mocidade –entre as que se inclúen as que se puxeron en marcha mediante o Sistema de garantía xuvenil–. A través de programas de formación ou incentivos á contratación e apoio ao emprego autónomo, entre outras medidas, beneficiáronse máis de 211.300 mozas e mozos.

O obxectivo é seguir reducindo en Galicia o desemprego entre os menores de 30 anos, un colectivo onde o paro baixou nun 14,13% nos últimos 12 meses. De feito, o número de parados mozos leva caendo na evolución interanual desde novembro de 2012, o que ten permitido que a Comunidade teña menos da metade de parados que hai seis anos.



## **EDUCACIÓN RENOVA OS LECTORADOS DE GALEGO NAS UNIVERSIDADES DE GRANADA E NOVA DE LISBOA**

- ***A Consellería destina 24.000 euros á promoción do galego nestas institucións económicas***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación dos convenios de colaboración coas universidades de Granada e Nova de Lisboa (Portugal) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas. En total, destinaranse 24.000 euros a dar continuidade a uns acordos que se manteñen desde 1994 e 1998, respectivamente.

O importe do convenio destinarase á contratación da persoa leitora de lingua, literatura e cultura galegas que, como complemento práctico ao seu programa de formación, colaborará na consecución dos obxectivos recollidos no convenio, en concreto darlle continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo das devanditas institucións académicas. Así mesmo, con cargo ao convenio, poderanse organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da nosa lingua, literatura e cultura; así como adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas no acordo.

### **Difusión do galego**

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Para alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

## A XUNTA IMPULSARÁ A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 100 MOZAS E MOZOS INVESTIGADORES A TRAVÉS DA TERCEIRA CONVOCATORIA DO PRINCIPIA

- *O Goberno galego favorece a captación e retención de talento apoiando este programa que mobilizará 2,8 millóns de euros en contratos cunha duración mínima dun ano en empresas e centros de investigación galegos*
- *Os beneficiarios, que desenvolverán o seu traballo de I+D+i en Galicia, serán universitarios ou titulados de FPII menores de 35 anos*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria busca con esta iniciativa reforzar a inserción de profesionais cualificados no tecido produtivo galego: tras a primeira edición, xa finalizada, case oito de cada dez traballadores continúan nas empresas*
- *Nas dúas convocatorias anteriores concedéronse axudas para a contratación de máis de 300 menores de 35 anos -preto da metade con carácter indefinido-, dos que catro de cada dez foron mulleres*
- *Enmárcase dentro da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) e de iniciativas como os contratos-programa cos centros tecnolóxicos e as fundacións sanitarias, as Unidades Mixtas de Investigación e o programa Oportunus*

O Consello da Xunta informou hoxe da próxima convocatoria da terceira edición do programa Principia que impulsará a contratación de 110 mozos e mozas investigadores en empresas e centros de coñecemento galegos co fin de favorecer a súa carreira profesional, así como estimular a demanda no sector público e privado de persoal suficientemente preparado para acometer proxectos vinculados á I+D+i.

Mediante estes contratos, que deberán ter unha duración mínima dun ano, o Goberno galego busca abrir unha porta ao mercado laboral a universitarios ou titulados de FPII con pouca experiencia, xa que o programa estará focalizado nos mozos e mozas menores de 35 anos con menos de 36 meses empregados na súa categoría profesional.

Búscase que lles sirva como ancoraxe ao mercado laboral, de forma que sexan contratados polas empresas despois da finalización do programa, reforzando así a competitividade en materia de investigación do tecido empresarial galego. De feito, preto de 150 dos investigadores contratados nas dúas primeiras convocatorias non tiña experiencia laboral.

A terceira edición do Principia, que contará cun investimento da Xunta de 1,1 millóns de euros e que agarda mobilizar 2,8, ten entre as súas novidades a limitación de contratos por entidade solicitante a un máximo de 5 para conseguir que todas as solicitantes conten con axudas, que poderán chegar a 10 no caso de que queden remanentes. Ademais, puntúanse especialmente as entidades que contrataran traballadores noutras edicións e cumprisen o seu compromiso.

Consolídase así este programa pioneiro en Galicia que, desde a súa posta en marcha en 2016, concedeu axudas para a contratación de máis de 300 mozos e mozas, preto da metade con carácter indefinido. Unha iniciativa que trata, ademais, de incentivar a contratación feminina e fomentar as vocacións STEM entre as mulleres e que conseguiu que o 42% dos contratos fosen femininos. Ademais, na primeira edición, convocada no ano 2016, xa que a segunda aínda non rematou, case oito de cada dez traballadores contratados a través deste programa permaneceron nas empresas transcorrido o ano que se bonificou, mentres que no caso dos centros de coñecemento foron preto do 60%.

No marco da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), a Xunta continúa así a súa aposta pola captación e retención do mellor talento, como unha das ferramentas principais para aumentar a capacidade innovadora do tecido produtivo galego e con ela a competitividade da Comunidade, obxectivo recollido, tamén, no Plan Galicia Innova 2020.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), ten posto en marcha varios programas cun gran impacto na retención de talento en Galicia. Así, destacan iniciativas como os contratos programa - que apoian aos centros tecnolóxicos e ás fundacións sanitarias-, as Unidades Mixtas de Investigación, ou o programa Oportunius, reforzando así a capacidade de innovación de Galicia e tendendo pontes entre os organismos públicos de investigación e o tecido empresarial. Proximamente sumarase, tamén, o novo programa Talento Sénior.

## A XUNTA PROPORÁ BAIXAR O PREZO DO CRÉDITO DOS MÁSTER HABILITANTES E EQUIPARALO AO DO GRAO

- *Deste xeito, Galicia sería a Comunidade co prezo medio máis barato do Estado nestas titulacións, 13,5 euros por debaixo da media estatal*
- *Esta medida permitiría ás familias galegas aforrar máis de 2,3 millóns de euros ao ano*
- *Tamén se propón conxelar por sétimo ano consecutivo o resto dos prezos públicos de matrícula*
- *O conxunto das familias galegas aforran máis de 20 millóns de euros en materia de matrículas universitarias*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria proporás ás universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) baixar o crédito dos máster habilitantes – que é no curso 2017/18 dunha media de 25,03 euros- ata equiparalo ao prezo medio en Galicia do grao universitario, que é de 11,89 euros. Esta rebaixa, que situaría os máster profesionalizantes do SUG como os máis asequibles de España – 13,5 euros por crédito por debaixo da media estatal, que supera os 25 euros- suporía ademais un aforro de máis de 2,3 millóns de euros por curso ás familias dos máis de 2100 estudantes que cursan estas ensinanzas cada ano, cun aforro medio por estudante superior aos 1100 euros. Cómpre lembrar que Galicia é agora mesmo a Comunidade Autónoma cos prezos públicos de matrícula universitaria máis baratos, o que permite un aforro acumulado ás familias galegas de máis de 20 millóns de euros respecto do que teñen que afrontar en outras partes do Estado.

Ademais, tendo en conta o carácter profesionalizante destas titulacións, favorece a culminación dos estudos e a futura inserción laboral de profesionais coa formación necesaria para o tecido económico da comunidade. A medida beneficiará aproximadamente ao 3,7% dos estudantes do SUG.

### Conxelación de prezos

*O Informe sobre prezos públicos correspondentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2018/2019, analizado hoxe no Consello da Xunta, propón –ademais da devandita rebaixa- a conxelación total do resto dos prezos públicos de matrícula universitaria. Neste sentido cómpre lembrar que desde 2009/10 o Goberno da Xunta de Galicia optou por incrementar o mínimo posible estas taxas – cando era obrigatorio por lei subilas dentro dunha forquita establecida entre o IPC do ano anterior e o IPC máis catro puntos porcentuais- e por conxelalas directamente, desde o curso 2011/2012.*

De feito, de saír adiante a proposta, sería o sétimo ano consecutivo de conxelación dos prezos públicos de matrícula no SUG.

### **O sistema máis asequible**

O Sistema Universitario de Galicia é no curso 2017/18 o máis asequible entre todas as Comunidades Autónomas. Isto é posible grazas á política de conxelación dos prezos desenvolvida desde a Xunta de Galicia, de tal forma que o prezo medio do crédito de grao -- as ensinanzas máis concorridas, por máis do 90% do alumnado do SUG- é en Galicia de 11,89 euros, moi por debaixo da media española (18,02 euros/crédito) e da comunidade con prezos máis elevados en promedio, Cataluña, con 33,52 €/crédito.

No referido aos máster non habilitantes, ou de especialización de coñecementos, os prezos públicos de matrícula do SUG son os cuartos máis baixos de España, en promedio 26,49 euros, o que supón 7,43 euros por debaixo da media nacional. Estas ensinanzas, que non son obrigatorias para exercer unha profesión, cúrsanas un 6,19% de alumnos do sistema.

Polo tanto, de aprobarse a rebaixa nos máster habilitantes Galicia reforzaría, un ano máis a súa posición como Comunidade Autónoma con máis igualdade de oportunidades para o acceso ás ensinanzas universitarias por contar cos prezos públicos máis baixos.

## A XUNTA DESTINA SETE MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS PARA A CREAÇÃO DE SUPERFICIES FORESTAIS CON FRONDOSAS E CONÍFERAS

- *Procúrase así reducir as masas monoespecíficas, favorecendo o aumento da diversidade, aumentar a superficie forestal arborada e diminuír o risco de incendios nos montes*
- *Como novidade, increméntanse as superficies máximas subvencionables por tipo de beneficiario, pasando de 50 a 150 hectáreas nos casos de comunidades de montes veciñais en man común e Sofor e de 15 a 150 para os particulares*
- *Nos dous últimos anos o número de beneficiarios destas axudas ascendeu a 259 e as hectáreas forestadas sumaron un total de 5.507 en toda Galicia*

A Consellería do Medio Rural destinará este ano sete millóns de euros ás axudas para a creación de superficies forestais con frondosas e coníferas. Trátase de fomentar a primeira forestación de terras non agrícolas con ambas especies, procurando a diminución das masas monoespecíficas, favorecendo o aumento da diversidade, así como de aumentar a superficie forestal arborada e reducir o risco de incendios, mediante a valorización dos terreos forestais. Así consta nun informe elaborado pola consellería e avaliado hoxe polo Consello da Xunta. Entre as coníferas atópanse o piñeiro silvestre e o teixo e frondosas son, por exemplo, o castiñeiro, o carballo, o ameneiro ou a sobreira, entre outros.

Os beneficiarios destas achegas serán as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta, as cooperativas agrarias, os proindivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas e as comunidades de montes veciñais en man común.

Con estes fondos subvenciónanse os gastos de plantación forestal e de área de defensa contra incendios forestais. Inclúense os necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo, adquisición de planta, así como os de plantación propiamente dita e a área de defensa contra incendios forestais. Ademais, finánciense as infraestruturas de acompañamento e obras complementarias.

Nesta convocatoria, como novidade, increméntanse as superficies máximas subvencionables por tipo de beneficiario, pasando de 50 a 150 hectáreas nos casos de comunidades de montes veciñais en man común e Sofor e de 15 a 150 para os propietarios particulares. Deste xeito procúrase aumentar tanto o número de beneficiarios como a superficie que se van forestar e o orzamento de cada unha das axudas.

Nos dous últimos anos o número de beneficiarios nestas convocatorias de axudas ascendeu a 259 e as hectáreas reforestadas sumaron un total de 5.507 en toda Galicia. Agora os interesados disporán dun mes para presentar as súas solicitudes. O prazo para executar as actuacións prolóngase ata o vindeiro 15 de outubro de 2019.